

PLAN DIXITAL

CRA de Caldas de Reis

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1.Introdución

- 1.1.Datos básicos do centro
- 1.2.Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3.Breve xustificación do mesmo
- 1.4.Proceso de elaboración

2.Situación de partida

- 2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3.Análise DAFO

3.Plan de Acción

- 3.1.Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4.Avaliación do PD

5.Difusión do PD

Introdución

1.1.Datos básicos do centro

CENTRO			
Nome	CRA de Caldas de Reis	Código do centro	36024938

ENDEREZO			
Enderezo	Sequeiros s/n	Localidade	Saiar
Concello	Caldas de Reis	Código Postal	36656

CONTACTO			
Teléfono	617487384	Enderezo electrónico	cra.caldas.reis@edu.xunta.gal
Enderezo web	http://www.edu.xunta.gal/centros/cracaldasreis/		

OFERTA EDUCATIVA
2º Ciclo de Educación Infantil

TIPO DE XORNADA
Xornada continua: 09:00-14:00

PROGRAMAS
Voz Natura
Plurilingüismo
Programa Auxiliar de Conversa

ALUMNADO CURSO 2021/2022		
EEI de Saiar	4º de EI	3
	5º de EI	3
	6º de EI	4
EEI de Carracedo	4º de EI	2
	5º de EI	3
	6º de EI	3
EEI de Godos	4º de EI	5
	5º de EI	3
	6º de EI	2
EEI de Santo André	4º de EI	4

de César	5º de EI	1
	6º de EI	1

PROFESORADO CURSO 2021/2022		
	Definitivo	Provisional
Educación Infantil	3	2
Lingua estranxeira: Inglés	1 ⁽¹⁾	-
Música	1	-
Pedagogía terapéutica	-	-
Audición e linguaxe	1 ⁽¹⁾	-
Relixión	1 ⁽¹⁾	-
Orientadora	1 ⁽¹⁾	-
⁽¹⁾ Compartidas con outros centros.		

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Caldas de Reis está situada na provincia de Pontevedra, na ribeira do río Umia. Forma parte da comarca do Umia xunto cos concellos de Cuntis, Moraña, Catoira, Valga e Portas. Caldas de Reis é a súa capital e tamén o concello con máis poboación, o cal está conformado por 9 parroquias.

A estrada N-525 atravesa a vila e únea coa capital da provincia, Pontevedra, e con Santiago de Compostela.

A vila de Caldas de Reis é unha importante estación termal. Os edificios destes balnearios forman parte da mellor arquitectura da zona, ademais da Igrexa de Santa María.

Actualmente no concello existen 4 escolas de Educación Infantil: EEI de Carracedo, EEI de Godos, EEI de Saiar e EEI de Santo André de Cesar. Estas escolas, situadas en zonas rurais pero con características de ámbitos urbanos, conforman un núcleo de traballo de amplo espectro, que aumentan as vantaxes de ambos medios, reflexándose nun coñecemento dos distintos elementos que conflúen nesta situación: relación directa coa natureza e maior autonomía, así como acceso a todo tipo de fontes de información e cultura (cines, museos, bibliotecas...) pola proximidade a varios núcleos poboacionais de referencia (o propio centro de Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela,..).

Con relación á actividade económica, esta foise diversificando nos últimos anos, pasando do inicial predominio agrícola a un meirande peso do sector servizos, preto dun 40%, e industrial, 30%. Caldas de Reis posúe un importante turismo termal, e ademais, o Camiño Portugués a Santiago de Compostela atravesa a zona vella da vila e pasa pola EEI de Carracedo.

Cabe mencionar que é a 3ª vila na lista de municipios máis industriais do entorno de Pontevedra, detrás de Poio e Marín. Isto débese principalmente a súa privilexiada posición xeográfica, no eixe de comunicacións entre Vigo e A Coruña, con ferrocarril e portos pretos.

A agricultura está versada principalmente sobre cereais, millo e patacas, mentres que a gandería radica no sector vacún e porcino.

O nivel socioeconómico dos nenos que acoden ás diferentes escolas unitarias do concello, é semellante, cun nivel medio. Evidentemente, a crise na que estamos inmersos causou o seu efecto, con familias con algún dos seus membros no paro, vivindo dalgún subsidio e incluso dependendo da axuda doutros parentes.

A unidade familiar está formada principalmente polos proxenitores e fillos, existindo xeralmente algún ascendente (avó/avoa) convivindo con eles, ou ben a proximidade entre vivendas das diferentes unidades promove unha relación moi estreita entre ambos. Esta relación cos avós vexa reflectida tamén na vida escolar do alumnado, enriquecendo as relacións interpersoais.

O concello de Caldas promove a cultura desde diferentes ámbitos que fan da súa poboación un viveiro de semente intelectual e cultural. Desde a biblioteca municipal lévanse a cabo visitas e obradoiros para potenciar o uso da mesma, así como sesións de contacontos, dirixidos a todas as idades. Existen diferentes centros sociais dispersos polas diferentes parroquias que organizan cursos diversos, desde baile, deporte, manualidades e cociña. A música ten o seu referente no festival Cultura Quente levado a cabo pola propia Consellería de Cultura.

Toda esta actividade repercute na vida da poboación caldense que ten acceso, desde idades temperás, a todas as variantes culturais.

Tendo en conta todo iso, elaboramos unha Programación Xeral Anual que se adapta as necesidades do centro e de toda a comunidade educativa e por tanto, un Plan Dixital que se implementará tendo en conta as características do CRA e que nos permitirá mellorar en todo o relacionado coa competencia dixital.

Breve xustificación do mesmo

➤ A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

➤ A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, sinala que os centros

docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

➤ A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración, a nosa mentora iniciou o contacto máis tarde que o resto dos centros. A coordinación do PD foi levada pola Directora, María Vieitez López. O grupo do PFPP para o Plan Dixital, no que estaba todo o profesorado, foi colaborando para as tarefas de SELFIE e Test CDD, que se entregaron en prazo.

No 2º Trimestre, a coordinadora tivo que coller unha baixa e non houbo no centro quen collese a coordinación, polo que as últimas tarefas non se puideron facer nas datas marcadas. Delegouse a coordinación noutro docente do centro que non cumpriu cos obxectivos previstos nin coas tarefas indicadas, o que provocou que o profesorado non se implicase nin participase na elaboración das actividades.

Dadas as circunstancias, foi a directora estando de baixa con axuda da mentora, a que sacou a diante todas as tarefas pendentes e a que se encargou da elaboración e redacción do Plan Dixital, sen colaboración do resto de profesorado implicado.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

	EEI CARRACEDO	EEI SAIAR (SEDE)	BIBLIOTECA	EEI GODOS	EEI SAN ANDRÉS
CONEXIÓNS	Por cable e wifi	Por cable e wifi	Por cable e wifi	Por cable e wifi	Por cable e wifi
CONNECTIVIDADE	Stth_1G_1G 4G_150N_50M	Stth_1G_1G 4G_150N_50M	Stth_1G_1G 4G_150N_50M	Stth_1G_1G 4G_150N_50M	Stth_1G_1G 4G_150N_50M
EQUIPAMENTOS	1 portátil 1 impresora 1 PDI 1 proxector 2 Tablets	1 portátil 1 impresora 1 PDI 1 proxector 2 Tablets 1 pc (dirección) 1 escáner	1 pc 1 PDI 1 proxector 1 impresora 1 beebot	1 portátil 1 impresora 1 PDI 1 proxector 2 Tablets	1 portátil 1 impresora 1 PDI 1 proxector 2 Tablets
INFRAESTRUCTURAS DE VOZ	1 móvil	1 móvil aula 1 móvil dirección		1 móvil	1 móvil

A biblioteca do centro atópase na aula B da sede, en Saiar. O equipamento da biblioteca soamente é empregado polo alumnado desta escola en horario lectivo. Esta permanece aberta os martes pola tarde para que as familias e os nenos e nenas poidan acceder aos seus servizos (préstamo de libros, lecturas...) e neste mesmo horario, o profesorado aproveita para coller libros, xogos ou o robot para levar a cadansúa escola. O ordenador da biblioteca é de mesa e emprégase para facer o préstamo e rexistrar os fondos bibliotecarios.

No tocante aos servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente, o CRA conta cunha páxina web, aula virtual e a aplicación Abalarmobil.

A xestión do mantemento do equipamento do centro corren a cargo da Unidade de Atención a Centros (UAC) e de empresas privadas de carácter externo.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,7				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	-				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	3	66,7%
PROVISIONAL			
INTERINO	3	3	100%

SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,7	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a(B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	<u>74,3</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>	68,2	Integrador/a(B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	14,3%
A2	3	42,9%
B1	2	28,6%
B2	1	14,3%
C1		
C2		
TOTAL	7	100_ %

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	1.Os espazos físicos facilitan a aprendizaxe con tecnoloxía.	1. Infraestructura: conexión de rede 2.Asistencia técnica. 3.Equipamento: obsoleto
	PERSOAL DOCENTE	1.O profesorado busca e utiliza recursos en liña 2.Explóranse novas modalidades de ensino.	1.Falta de tempo para a exploración. 2.Colaboración con outro profesorado para apoiar o uso de estratexias

			dixitais. 3.Continuidade do mesmo persoal docente no centro.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Realízanse actividades con tecnoloxía que implican ao alumnado. 2. Motivación ante actividades que impliquen o uso da tecnoloxía. 3. Tipo de agrupamento.	1.Diversidad de alumnado 2.Falra de coñecementos e ferramentas por parte do alumnado
	FAMILIAS	1. Utilizan a tecnoloxía para comunicarse coa escola.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Uso da tecnoloxía para colaborar con outras organizacións. 2. Uso da tecnoloxía para comunicarse coas familias. 3. Uso da tecnoloxía para comunicarse entre o profesorado.	1.Estratexia dixital de centro. 2.Sistema de protección de datos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.Apoio á dixitalización.	1.Burocracia 2.Apoio á escola rural
	LEXISLACIÓN	1.Lei de protección de datos.	1.Cambios constantes na lexislación educativa.
	CONTORNA	1.Contacto coa natureza e personalización.	1.Dispersión xeográfica das escolas unitarias.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1.Concello	

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Tras a análise do SELFIE, dos resultados do testCDD e do que coñecemos do centro, acordamos centrar os obxectivos nas seguintes áreas SELFIE:

- Pedagogía, implementación na aula
- Liderado

Deste xeito, tendo en conta o noso DAFO e as necesidades do CRA, decidiuse establecer os seguintes obxectivos:

1. **Estender o uso de AbalarMóbil e AbalarPro como ferramenta de comunicación entre os membros da comunidade educativa.**

Queremos potenciar o uso da tecnoloxía e para iso cremos que unha boa maneira de comezar é empregando toda a comunidade educativa a aplicación de Abalarmobil e AbalarPro.

2. **Respectar os Protocolos de Protección de datos do alumnado.**

Vemos moi necesario e importante dar a coñecer a toda a comunidade educativa o protocolo de protección de datos. Actualmente, xa solicitamos a autorización da imaxe e son ao alumnado.

3. **Coñecer e aproveitar todos os recursos materiais tecnolóxicos do CRA.**

Para poder empregar material e ferramentas tecnolóxicas é primordial que o profesorado os coñeza e os saiba empregar. Non serve de nada ter os medios se non se aproveitan e non se saben utilizar polo que a nosa intención é formarnos nesta competencia.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No CRA temos necesidade de mellorar as infraestruturas e equipamentos tecnolóxicos.

Por un lado, contamos con equipos informáticos (4 portátiles) renovados por unha compra que se realizou con fondos do propio centro pero sería necesario outro máis para a dirección, xa que o que hai está obsoleto e non funciona correctamente (máis de 10 anos).

Nas catro escolas hai PDI pero dúas delas non funcionan correctamente, xa o comunicamos a UAC pero non solventaron o problema polo tanto, non podemos facer uso delas nin aproveitalas. De todos xeitos, son equipamentos que non funcionan ben, non están actualizados nin son os máis apropiados para esta etapa educativa (fan sombras, non calibran...). O máis axeitado serían os monitores multitáctiles xa que permiten traballar doutro xeito, implicando a todo o alumnado atendendo así as súas necesidades.

Tamén sería necesario que a biblioteca do centro contase cun ordenador actualizado, que permitise o seu uso aos nenos e nenas.

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Liderado.						
1.OBXECTIVO (1):	Estender o uso de AbalarMóbil e AbalarPro como ferramenta de comunicación entre os membros da comunidade educativa.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Emprego de AbalarMóbil polo profesorado e familias.					
Valor de partida (3)	O 10% do profesorado emprega AbalarMóbil para a comunicación coas familias e 0% AbalarPro.					
Valor previsto e data (4)	O 80% do profesorado emprega AbalarMóbil e AbalarPro para a comunicación coas familias.			Xuño do 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Revisar e actualizar os datos en XADE para asegurar o bó funcionamento de Abalarmóbil.	Dirección	Setembro do 2022	Equipamento do centro XADE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formar ao profesorado no uso de AbalarMóbil e AbalarPro a través do traballo en equipo. (manuais de uso, microformacións,...)	Coordinador/a TIC	Outubro do 2022	Tempo de reunións Manuais de uso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Informar ás familias sobre a instalación e funcionamento de Abalar Móbil.	Titores	1º trimestre do curso 2022-2023 tubro do 2023	Circulares Folletos informativos Reunións en titorías Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": LIDERADO						
2.OBXECTIVO :	Respectar os Protocolos de Protección de datos do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de autorizacións de alumnado e profesorado asinadas entregadas					
Valor de partida	Máis do 90% do alumnado e profesorado entrega a documentación.					
Valor previsto e data	O 100% do alumnado e profesorado entrega a documentación.			30 de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Solicitar autorización de imaxe e son do alumnado e profesorado.	Profesorado	setembro	Autorización de imaxe e son de acordo ao Protocolo de Protección de Datos vixente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Dar a coñecer á comunidade educativa o protocolo de protección de datos.	Profesorado	1º trimestre	Publicación na web do centro Reunións de inicio de curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA, IMPLEMENTACIÓN NA AULA							
3.OBXECTIVO:	Coñecer e aproveitar todos os recursos materiais tecnolóxicos do CRA.					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O profesorado coñece e utiliza os materiais tecnolóxicos do CRA.						
Valor de partida	60% do profesorado coñece e utiliza os materiais tecnolóxicos.						
Valor previsto e data	100% do profesorado coñece e utiliza os materiais tecnolóxicos.				30 de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Realizar un inventario de recursos de cada escola ao inicio de curso entre todo o profesorado	Profesorado	Outubro	Base de datos compartida		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Establecer calendario de uso e intercambio de material entre escolas.	Dirección	1º trimestre, 2022	Calendario compartido		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Contemplar, nas avaliacións trimestrais, un apartado de uso e implementación na aula, dos materiais tecnolóxicos e a súa influencia nas actividades de aprendizaxe.	Todo o profesorado	Xuño, 2023	Claustro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Avaliación do PD

Para o proceso de seguimento de desenvolvemento e avaliación do Plan Dixital teranse en conta a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Deste xeito, levarase a cabo, por un lado, unha avaliación procesual onde se valorará a frecuencia da realización dos obxectivos segundo a temporalización de cada un deles. Terase en conta e valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Por outro lado, tamén se fará unha avaliación final ao rematar o curso escolar onde consideraremos o logro de ditos obxectivos e as propostas de mellora.

Difusión do PD

Para levar a cabo a difusión do dito PLAN DIXITAL botaremos man da páxina web do centro para que toda a comunidade educativa teña acceso a el. Ademais, haberá unha copia nas catro escolas do CRA por si algunha familia, profesorado ou membro da comunidade educativa o teña á man por se o necesita.